



Coñecemos as

TORRES DO ALLO



TORRES DO ALLO



Benvidos e benvidas ás Torres do Allo, o pazo máis antigo de Galicia! Neste museo ides aprender moito sobre como construíron este edificio e como vivía a xente daquela. Ademáis neste pazo residiu un naturalista moi importante de Galicia chamado Víctor López Seoane, que descubriu a víbora de Seoane, unha víbora moi común dos montes galegos!

Nesta unidade didáctica teredes actividades para coñecer un pouco sobre a historia das Torres do Allo e de Víctor López!

Esta unidade didáctica é para os nenos e nenas que nos visitades e principalmente para os que vides coas vosas escolas. Están pensadas para seren feitas antes ou despois da visita.

Máis información:

Mail: info@torresdoallo.gal

Teléfono: 655 71 67 43

Web: <https://torresdoallo.gal/>

Este señor é Víctor López Seoane! Foi un naturalista moi importante de Galicia. Estudaba plantas e animais e foi quen descubriu a víbora galega.

Víctor casouse con Francisca Riobóo que tiña o pazo máis antigo de Galicia, as Torres do Allo!

Debuxa un retrato de Víctor na seguinte páxina! A ver quen fai o mellor bigote!




Debuxa un ratrato de Víctor López Seoane!

SOPA DE LETRAS DAS TORRES DO ALLO

Atopa as seis palabras agochadas!

S	E	O	A	N	E	P
V	I	B	O	R	A	N
H	O	R	R	E	O	W
H	Y	O	A	T	J	G
L	T	O	R	R	E	S
G	P	A	Z	O	L	T
I	G	R	E	X	A	I

Une os pontos para completar o descobrimento da víbora e escreve o lugar onde vivem!



M

Colorea o seguinte debuxo e escribe o seu nome.

Utilízase para gardar o gran para que seque. Hai 4 nas Torres do Allo.

